

PLANO ESTRATÉXICO 2014-2020

Facultade de Economía e Empresa

Universidade
da Coruña

MISIÓN, VISIÓN E VALORES

Facultade de Economía e Empresa

Somos un centro universitario público, cuxa finalidade é a formación superior e a investigación nas áreas de Economía e Empresa. Procuramos satisfacer as necesidades e as demandas da sociedade a través dun uso eficiente de todos os recursos dispoñibles, nun proceso continuo de mellora cara á excelencia académica e con respecto aos valores da Universidade da Coruña.

No ano 2020 **queremos**:

1. Ofrecer titulacións competitivas e orientadas á práctica profesional, nun contorno que fomenta a aprendizaxe, o desenvolvemento dun espírito crítico e independente e que fomenta a inserción laboral digna de graduados e posgraduados consonte o seu nivel académico.
2. Ser un centro internacional, que favoreza a mobilidade de estudantes, de investigadores, de profesores e do persoal de Administración e Servizos.
3. Asegurar que a nosa actividade investigadora sexa orientada a problemas reais e que os seus resultados poidan ser transferidos á sociedade.
4. Consolidar e profundar a nosa relación co contorno empresarial e a sociedade, a través tanto da orientación dos contidos curriculares como da nosa oferta investigadora.

En todo o que facemos, pretendemos establecer un compromiso firme cos seguintes valores:

Integridade. Desenvolvemos as nosas actividades con total respecto á legalidade, aos valores éticos e sociais, e ás persoas, con equidade, honestidade e rigor.

Liberdade intelectual. Dentro do marco definido polo método científico aplicable nos nosos ámbitos de estudo, defendemos o dereito de toda a comunidade a expresar os seus coñecementos e teorías así como as opinións de forma libre e cívica, como medio de progreso e difusión do coñecemento.

Compromiso e responsabilidade social. Pretendemos contribuír activamente a mellorar o sistema socioeconómico do noso contorno e implicarnos na xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.

Asumimos como valor a responsabilidade académica ante a sociedade.

Cremos que cómpre darlle pulo ás accións que faciliten a conciliación da vida académica e familiar para todos os membros da comunidade universitaria.

Igualdade de oportunidades. Pretendemos ser un centro inclusivo.

Queremos promover a igualdade de oportunidades para todos os membros da comunidade de calquera contexto social, cultural, lingüístico e económico.

Fomentamos unha cultura e coñecemento libres de toda discriminación baseada na raza, a discapacidade, as crenzas relixiosas, as ideas políticas e sociais ou a orientación sexual. Asumimos como valor transversal o fomento das actitudes que promovan unha igualdade real entre homes e mulleres.

Respecto ao medio ambiente. Tentamos xestionar os recursos á nosa disposición xerando o menor impacto ambiental posible.

Eficiencia. Como xestores de recursos públicos, aspiraremos ao seu uso eficiente e responsable, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.

Participación. Fomentamos a participación entre todos os membros da comunidade universitaria da nosa facultade no proceso de toma de decisións, como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.

Transparencia e rendición de contas. Comprometémonos a informar das actuacións desenvolvidas como membros da comunidade universitaria da Facultade de Economía e Empresa, a xustificar os actos e a someternos a calquera tipo de control adecuado para verificar a consistencia da información proporcionada.

A transparencia económica e financeira é necesaria na xestión das organizacións, nomeadamente das públicas, e forma parte esencial do concepto de rendición de contas. Con todo, este concepto vai máis aló da mera publicidade pois consiste en trasladar aos diferentes grupos de interese na Facultade, tanto internos como externos, o labor desenvolvido durante un período de tempo. Trátase, pois, por así dicilo, de ser “transparentes”ou, noutras palabras, de resultar “cribles”.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E PLANS DE MELLORA

Área estratéxica 1. Docencia e aprendizaxe

| ÁREA ESTRATÉXICA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE | | | | | | | |
|---|--|--|-----------------------------|--|---|-----------|-----------|
| Obxectivo estratéxico | Liñas de actuación | Accións | Responsable | Definición indicador | Valor inicial | Meta 2015 | Meta 2020 |
| Obxectivo estratéxico 1 | | | | | | | |
| Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior | | | | | | | |
| | Velar por un acaído cumprimento das guías docentes | Implantar un procedemento de revisión e mellora das guías docentes | Coordinadores de Titulación | Valor medio resposta enquisa a profesorado: Lévanse a cabo mecanismos de revisión anual das guías das materias. | 4.2/5 | 4.5/5 | 4.8/5 |
| | | Desenvolvemento de sesións informativas sobre os obxectivos e a elaboración das guías docentes | Coordinadores de Titulación | Valor medio resposta enquisa a profesorado: Os mecanismos de axuda para a elaboración e deseño das guías das materias son adecuados. | 4/5 | 4.5/5 | 5/5 |
| | Mellorar a coordinación da docencia nos títulos de Grao | Analizar a coordinación horizontal e vertical para evitar solapamentos e repeticións de contidos nas materias | Coordinadores de Grao | Valor medio resposta enquisa a estudantes: Estou satisfeito coa planificación do ensino | 3.7/7 | 4/7 | 5/7 |
| | | Fomentar a cooperación entre os profesorado do mesmo curso para equilibrar no tempo a carga de traballo do estudantado | Coordinadores de Grao | Valor medio resposta enquisa a estudantes: Estou satisfeito co desenvolvemento do ensino | 3.9/7 | 4.2/7 | 5/7 |
| | Incrementar a taxa de graduación das titulacións de mestrado | Promover o comezo do desenvolvemento do traballo fin de mestrado dende o inicio do curso | Coordinadores de Mestrado | Taxa de graduación | MUBF: 8.7%; MUCSAC: 67.9%; MUDAE: 93.3% | 80% | 80% |
| | | Fomentar e incentivar a participación dos docentes na dirección de traballos fin de mestrado | Coordinadores de Mestrado | Taxa de graduación | MUBF: 8.7%; MUCSAC: 67.9%; MUDAE: 93.3% | 80% | 80% |

| | | | | | | |
|---|--|---|--|-------|--------|---|
| Profundar na integración das titulacións no EEES | | Decano/a, Vicedecano/a de Titulacións e Estudantes, Vicedecano/a de Organización Académica, Vicedecano/a responsable de Calidade, Coordinadores de Titulación | Taxa de graduación | N.d. | >= 25% | > 30% |
| Continuar a aposta por establecer contornos de aprendizaxe máis interactivos e estimulantes | | " | Taxa de abandono | 11.9% | < 20% | < 15% |
| Afondar no uso das novas ferramentas tecnolóxicas para a docencia non presencial e en línea | | " | Taxa de eficiencia | 90% | > 80% | > 80% |
| Facilitar a adecuación da organización académica ás novas metodoloxías e á innovación docente | | " | Taxa de éxito | 81.1% | > 80% | > 80% |
| Desenvolver e mellorar os mecanismos de coordinación internos en cada titulación | | " | Niveis de motivación: valor medio enquisas a estudantes | 5 | 5.5 | > 6/7 |
| Mellorar a formación continua e a renovación e innovación docente do profesorado | | " | Participación dos estudantes nos procesos de avaliación da satisfacción coa docencia recibida | 16.6% | 25% | 60% |
| | | " | Avaliación docente: porcentaxe de profesorado avaliado polo procedemento de avaliación docente | 13.1% | 25% | 100% avaliado; 20% máxima valoración |

| Obxectivo estratéxico 2 Unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados | | | | | | | |
|--|--|--|--|-------|-----|-----|--|
| Deseñar e implantar unha bolsa de traballo para os egresados da FEE | Promover unha asociación de antigos alumnos da FEE para incrementar a presenza social do centro | Vicedecano/a de Titulacións e Estudantes | Número alumnos vinculados á asociación | 0 | 100 | 500 | |
| | Facilitar a través da asociación de antigos alumnos o contacto de egresados da FEE co contorno laboral | Vicedecano/a de Relacións Empresa-FEE | Número xornadas/seminarios por ano | 0 | 2 | 2 | |
| | Desenvolver unha bolsa de traballo vinculada á FEE utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación | Vicedecano/a de Titulacións e Estudantes | Número solicitudes de traballo tramitadas/ano | 0 | 50 | 50 | |
| Orientar aos estudantes cara á inserción no mercado laboral | Reforzar o Plano de Acción Titorial | Coordinador/a PAT | Valor medio resposta enquisa a estudantes: Estou satisfeito coas accións que orientan ao estudante. | 3.3/7 | 4/7 | 6/7 | |
| | Realizar cursos e xornadas formativas de orientación laboral | Vicedecano/a de Titulacións e Estudantes | Valor medio resposta enquisa a estudantes: As actuacións encamiñadas a preparar ao estudante, para a inserción ao mundo laboral ou a continuación de novos estudos, son adecuadas. | 2.9/7 | 4/7 | 6/7 | |
| Ampliar a carteira de convenios con empresas para a realización das prácticas | Sinatura de novos convenios de prácticas | Vicedecano/a de Relacións Empresa-FEE | Número de convenios de prácticas | 131 | 150 | 200 | |
| | | | Número de alumnos que participan en prácticas/curso académico | 226 | 200 | 200 | |

| | | | | | | |
|---|--|--|---|---|----|----|
| Promover activamente a participación de profesionais da empresa ou da administración pública na vida académica | Sinatura de convenios de colaboración con organizacións empresariais e públicas para a integración de relatores nos mestrados | Vicedecano/a de Relacións Empresa-FEE | Número de relatorios de participantes externos en mestrados e/ou doutoramento por ano | 5 | 30 | 30 |
| | Crear un foro permanente de intercambio entre directivos de empresas e estudantes | Vicedecano/a de Relacións Empresa-FEE | Número de empresas vinculadas á rede de antigos alumnos | 0 | 25 | 50 |
| | Potenciar a actividade das cátedras de empresa como ferramenta para canalizar a participación de persoas relevantes do contorno económico, empresarial e institucional | Vicedecano/a de Relacións Empresa-FEE | Número de conferencias de relatores externos vinculados ás Cátedras/ano | 9 | 15 | 15 |
| Establecer unha colaboración efectiva co Servizo de Apoio ao Emprendemento para que membros da FEE poidan asesorar durante a creación de spin-offs universitarias | Organizar xornadas e seminarios sobre o tema de emprendemento | Vicedecano/a de Titulacións e Estudantes | Número de xornadas e seminarios sobre emprendemento / ano | 2 | 2 | 2 |
| | Facilitar que as cátedras de empresa que operan na FEE actúen como ámbito onde se poidan coñecer experiencias de emprendemento reais | Responsables das Cátedras | Número de conferencias de relatores externos vinculados ás Cátedras/ano | 9 | 15 | 15 |

| Obxectivo estratéxico 3 Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno | | | | | | | |
|--|---|---|---|--|------|--------------------------|--------------------------|
| | Ofrecer novos programas de simultaneidade de estudos con outras titulacións | Implantar novos programas de simultaneidade | Decano/a, Vicedecano/a de Titulacións e Estudantes, Vicedecano/a de Organización Académica, Vicedecano/a responsable de Calidade, Coordinadores de Titulación | Número programas de simultaneidade | 2 | 3 | 4 |
| | Incrementar a oferta de mestrados universitarios | Deseñar e ofrecer novos mestrados universitarios | " | Número mestrados ofrecidos | 3 | 3 | 4 |
| | Profundar no deseño dos plans de promocións das titulacións | Deseñar anualmente un novo Plan de Promoción da Facultade | Vicedecano/a responsable de Calidade | Taxa número preinscritos primeira opción/número prazas ofertadas | 1.37 | 1.40 | 1.50 |
| | Definir políticas proactivas de captación de estudantes | | Vicedecano/a de Titulacións e Estudantes | Matrícula de novo ingreso nas titulacións de Grao | 510 | 510 (ningunha tit. < 50) | 510 (ningunha tit. < 50) |
| | | | Coordinadores de Mestrado | Matrícula de novo ingreso nas titulacións de Mestrado | 81 | 90 | 120 |

A continuación se detallan os plans de mellora xurdidos das necesidades detectadas a través do PE.

PLAN DE MELLORA 1.1

| | |
|---|---|
| ÁREA ESTRATÉXICA: 1. DOCENCIA E APRENDIZAXE | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: 1. Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior | |
| Denominación da proposta | Mellorar a participación do estudiantado no proceso de avaliación da satisfacción coa docencia recibida "Avaliemos" |
| Punto débil detectado | A porcentaxe de participación do estudiantado no programa "Avaliemos" é moi baixa |
| Ámbito de aplicación | Títulos impartidos na Facultade de Economía e Empresa |
| Responsable da súa aplicación | Coordinadores de título e Decano/a |
| Obxectivos específicos | Os estudantes deberían involucrarse en maior media en todo o que representa o eido universitario, o cal inclúe avaliar a docencia recibida. Cómpre facer fincapé e transmitir aos alumnos que as súas respostas e comentarios permiten detectar tanto as actuacións positivas como as negativas que se podan estar producindo, axudando así a mellorar a calidade dos plans de estudos. En resumo, cómpre facerlles ver a utilidade de participar no programa, ao redundar en última instancia no seu propio beneficio. |
| Actuacións a desenvolver | Cun mínimo de antelación á apertura da aplicación informática, facer un maior fincapé na difusión de "Avaliemos" entre o alumnado e instar á súa participación. A información se transmitiría, como se ven facendo, a través da páxina web do centro e das pantallas do edificio. Conviría reforzar as canles de comunicación a través dos docentes nas clases e do PAT. |
| Período de execución | Curso académico 2014/2015 |
| Recursos/financiamento | Non se precisan |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | Porcentaxe de estudantes que participan en "Avaliemos": acadar o 25% no curso 2014/2015. |
| Observacións | |
| <p>Cómpre salientar que os estudantes sí cubren nunha elevada porcentaxe as enquisas de satisfacción do SGIC que se reparten a poucas semanas de rematar o curso académico.</p> | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | |
| Resultados obtidos | |
| Grao de satisfacción | |
| Accións correctoras a desenvolver | |

PLAN DE MELLORA 1.2

| | |
|---|---|
| ÁREA ESTRATÉXICA: 1. DOCENCIA E APRENDIZAXE | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: 1. Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior | |
| Denominación da proposta | Mellorar a coordinación horizontal e vertical para evitar solapamentos e repeticións de contidos nas materias |
| Punto débil detectado | Se detectan solapamentos e repeticións de contidos en materias de cursos consecutivos dos Graos do centro |
| Ámbito de aplicación | Graos impartidos na Facultade |
| Responsable da súa aplicación | Coordinadores de Grao e Decano/a |
| Obxectivos específicos | Evitar que se solapen e repitan contidos en materias de continuación nos distintos cursos dos Graos ou incluso en asignaturas pertencentes a distintas áreas. Con isto se busca unha maior eficiencia no proceso de ensino-aprendizaxe, ao tempo que se impediría que tivese lugar calquera tipo de distorsión debido ao solapamento ou á repetición. |
| Actuacións a desenvolver | <ul style="list-style-type: none"> - Incluir un punto sobre a coordinación horizontal e vertical nas materias dentro da orde do día da reunión (por curso) dos coordinadores de Graos responsables das materias do correspondente plan de estudos. - Reflexionar sobre esta cuestión nas devanditas reunións. - Reflectedir as conclusións nas correspondentes actas das reunións. - Informar na CGC. |
| Período de execución | Curso académico 2014/2015 |
| Recursos/financiamento | Non se precisan |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | <ol style="list-style-type: none"> 1. Reflexión nas reunións de coordinación (si/non): si. 2. Comunicación á CGC (si/non): si. 3. Valor medio na resposta da enquisa a estudantes "Estou satisfeito coa planificación do ensino": a partir de 2015/2016, superar a cifra de 3.7/7 correspondente a 2013/2014. |
| Observacións | |
| | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | |
| Resultados obtidos | |
| Grao de satisfacción | |
| Accións correctoras a desenvolver | |

PLAN DE MELLORA 1.3

| | |
|--|--|
| ÁREA ESTRATÉXICA: DOCENCIA E APRENDIZAXE | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: 1. Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior | |
| Denominación da proposta | Mellorar a porcentaxe de profesorado avaliado polo programa "Docentia" |
| Punto débil detectado | A porcentaxe de profesorado do centro que participou no programa "Docentia" é moi reducida |
| Ámbito de aplicación | Facultade de Economía e Empresa |
| Responsable da súa aplicación | Equipo decanal |
| Obxectivos específicos | Incrementar o número de profesores que se someten á avaliación da súa actividade docente a través do programa "Docentia". A participación neste programa permítelle ao propio docente avaliar como está a desenvolver a súa actividade ("autoavaliación") e, adicionalmente, os resultados obtidos a través da avaliación poderían empregarse para establecer accións de mellora da actividade do profesorado do centro. |
| Actuacións a desenvolver | <ul style="list-style-type: none"> - Potenciar a difusión do programa "Docentia" entre o profesorado do centro a través das vías usuais de comunicación. - Insistir na necesidade de avaliar a actividade docente, ao igual que se fai coa actividade investigadora. Isto levaríase a cabo nas diferentes reunións dos órganos colexiados e na Xunta de Facultade do centro. |
| Período de execución | Curso académico 2014/2015 |
| Recursos/financiamento | Non se precisan |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | Porcentaxe de profesorado avaliado positivamente polo programa Docentia: 25% (ano 2015). |
| Observacións | |
| O plan de mellora "Utilización da información obtida a través da avaliación docente do programa DOCENTIA para desenvolver accións de mellora da actividade do profesorado do centro", aprobado pola CGC o 03/09/2014, recolle como actuación a desenvolver "Fomentar a participación do profesorado dos centros no programa DOCENTIA". | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | |
| Resultados obtidos | |
| Grao de satisfacción | |
| Accións correctoras a desenvolver | |

PLAN DE MELLORA 1.4

| | |
|--|---|
| ÁREA ESTRATÉXICA: DOCENCIA E APRENDIZAXE | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: 1. Unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados | |
| Denominación da proposta | Promocionar a realización de cursos e xornadas formativas de orientación laboral |
| Punto débil detectado | A valoración do alumnado das actividades desenvolvidas para preparar ao estudante de cara á súa inserción laboral non é satisfactoria |
| Ámbito de aplicación | Facultade de Economía e Empresa |
| Responsable da súa aplicación | Vicedecano/a de titulacións e estudantes |
| Obxectivos específicos | Os alumnos deben dispór da máxima información posible en relación ás posibilidades que se lles ofrecen ao rematar os estudos, tanto en relación á súa inserción laboral como á continuación dos seus estudos, de xeito que se poña en valor a súa empregabilidade e emprendemento. |
| Actuacións a desenvolver | <ul style="list-style-type: none"> - Valorar a posibilidade de ampliar ou redeseñar o programa de relatorios-coloquios que sobre orientación laboral xa está a desenvolver o PAT da facultade a través de cursos de formación transversal. - Intensificar a difusión dos cursos de orientación laboral que teñan lugar en 2014/2015, especialmente durante as clases dos últimos cursos e a través do PAT. - Elaborar un plan de cursos e xornadas formativas de orientación laboral (a implantar en 2015/2016). |
| Período de execución | Curso académico 2015/2016 |
| Recursos/financiamento | Non se precisan |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | Valor medio resposta enquisa estudantes "As actuacións encamiñadas a preparar ao estudante, para a inserción ao mundo laboral ou a continuación de novos estudos, son adecuadas": mínimo de 4/7 a partir do curso académico 2015/2016. |
| Observacións | |
| O PAT da Facultade xa está a desenvolver dende hai varios anos cursos de formación transversal que inclúen varios relatorios-coloquio sobre orientación laboral. | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | |
| Resultados obtidos | |
| Grao de satisfacción | |
| Accións correctoras a desenvolver | |

Ademáis, existen plans de mellora xerados con anterioridade á concreción do PE mais que gardan relación con este. Se referencian a continuación:

- "Mellora da coordinación temporal entre materias do grao"

Ámbito de aplicación: Graos impartidos na Facultade.

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade na súa reunión do 03 de setembro de 2014.

Pode consultarse en: <http://sgic.udc.es/seguemento.php?id=617> (apartado "Planificación das ensinanzas").

- "Mellora da taxa de graduación"

Ámbito de aplicación: Mestrado Universitario en Banca e Finanzas.

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade na súa reunión do 03 de setembro de 2014.

Pode consultarse en: <http://sgic.udc.es/seguemento.php?id=617> (apartado "Resultados previstos").

- "Potenciamento do Plan de Acción Titorial"

Ámbito de aplicación: Graos impartidos na Facultade e Mestrado Universitario en Banca e Finanzas.

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade na súa reunión do 03 de setembro de 2014.

Pode consultarse en: <http://sgic.udc.es/seguemento.php?id=617> (apartado "Recursos materiais e servizos").

Área estratéxica 2. Investigación, innovación e transferencia

| ÁREA ESTRATÉXICA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA | | | | | | | |
|--|--|---------|--------------------------|---|---------------|-----------|-----------|
| Obxectivo estratéxico | Liñas de actuación | Accións | Responsable | Definición indicador | Valor inicial | Meta 2015 | Meta 2020 |
| Obxectivo estratéxico 1 Unha produción científica de calidade | | | | | | | |
| | Garantir a calidade dos estudos de doutoramento | | Comisión de doutoramento | Producción científica: número de artigos (ponderados por índice de impacto) por PDI doutor, publicados en revistas científicas incluídas en ISI/JCR | 0.23 | 0.5 | 1.3 |
| | Mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais | | " | " | " | " | " |
| | Incidir na cualificación do persoal, en particular a capacidade investigadora, como criterio de selección, valoración e promoción do PDI | | " | " | " | " | " |
| | Acentuar o recoñecemento da actividade investigadora dentro do conxunto de tarefas desenvolvidas polo PDI | | Comisión de doutoramento | Sexenios: proporción entre número sexenios de investigación obtidos polo PDI en condicións de solicitalo e número máximo sexenios posibles | 18% | 25% | 50% |
| | Fomentar a cooperación interdisciplinar entre grupos | | Comisión de doutoramento | Doutoramento: porcentaxe de programas de doutoramento con mención de calidade/selo de excelencia | 0 | 0 | 1 |

| | | | | | | | |
|---|--|--|---------------------------------------|---|------|-------------------------|-----|
| | Aumentar a visibilidade e mellorar os indicadores da actividade real de investigación e transferencia | | Comisión de doutoramento | Calidade teses doutoramento: porcentaxe de teses de doutoramento que dan lugar a algunha publicación en ISI WoK, entendidas estas como aquela teses para as que o seu autor publicou algún artigo nalgunha revista incluída en ISI WoK non máis tarde do ano seguinte ao da defensa da tese | N.d. | > valor anos anteriores | 90% |
| | Potenciar os espazos para a difusión de traballos de investigación | Establecer un punto de encontro dos investigadores: realización de workshops e seminarios de investigación | Comisión de doutoramento | Número workshops e seminarios de investigación / ano | 9 | 15 | 15 |
| | | Editar Documentos de Traballo por parte da Facultade para a difusión das investigacións do noso persoal | Comisión de doutoramento | Número documentos publicados / ano | 0 | > 0 | 10 |
| Obxectivo estratéxico 2 | | | | | | | |
| Incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento | | | | | | | |
| | Ampliar a carteira de convenios con empresas para á realización das prácticas | Sinatura de novos convenios de prácticas | Vicedecana de Relacións Empresa-FEE | Número de convenios de prácticas | 131 | 150 | 200 |
| | | | | Número de alumnos que participan en prácticas/curso académico | 226 | 200 | 200 |
| | Promover activamente a participación de profesionais da empresa ou da administración pública na vida académica | Sinatura de convenios de colaboración con organizacións empresariais e públicas para a integración de relatores nos mestrados | Vicedecano/a de Relacións Empresa-FEE | Número de relatorios de participantes externos en mestrados e/ou doutoramento por ano | 5 | 30 | 30 |
| | | Crear un foro permanente de intercambio entre directivos de empresas e estudantes | Vicedecano/a de Relacións Empresa-FEE | Número de empresas vinculadas á rede de antigos alumnos | 0 | 25 | 50 |
| | | Potenciar a actividade das cátedras de empresa como ferramenta para canalizar a participación de persoas relevantes do contorno económico, empresarial e institucional | Vicedecano/a de Relacións Empresa-FEE | Número de conferencias de relatores externos vinculados ás Cátedras/ano | 9 | 15 | 15 |

| | | | | | | | |
|--|---|--|---|--|---|----|------|
| | Establecer unha colaboración efectiva co Servizo de Apoio ao Emprendemento para que membros da FEE poidan asesorar durante a creación de spin-offs universitarias | Organizar xornadas e seminarios sobre o tema de emprendemento | Vicedecano/a de Titulacións e Estudiantes | Número de xornadas e seminarios sobre emprendemento / ano | 2 | 2 | 2 |
| | | Facilitar que as cátedras de empresa que operan na FEE actúen como ámbito onde se poidan coñecer experiencias de emprendemento reais | Responsables das Cátedras | Número de conferencias de relatores externos vinculados ás Cátedras/ano | 9 | 15 | 15 |
| Obxectivo estratéxico 3 | | | | | | | |
| Internacionalizar a investigación e a transferencia | | | | | | | |
| | Impulsar a internacionalización a través da formación de novos investigadores | | Comisión de doutoramento | Incremento do número anual de teses defendidas na UDC con mención internacional (de 2012/2013 a 2019/2020) | 2 teses mención internacional (2013/14) | | +40% |
| | Intensificar a colaboración na organización de eventos e congresos científicos | Fomentar as relacións con institucións alleas á nosa | Decano/a | Número de relatorios de participantes externos en mestrados e/ou doutoramento por ano | 1 | 6 | 10 |
| | | Organizar congresos e seminarios científicos na Facultade | Decano/a | Número congresos organizados / ano | 1 | 1 | 1 |

A continuación se detallan os plans de mellora xurdidos das necesidades detectadas a través do PE.

PLAN DE MELLORA 2.1

| | |
|--|---|
| ÁREA ESTRATÉXICA: 2. INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: 1. Unha produción científica de calidade | |
| Denominación da proposta | Potenciar o desenvolvemento dunha actividade investigadora de calidade na Facultade |
| Punto débil detectado | Os indicadores de produción científica e de sexenios obtidos polo PDI da facultade arrojan cifras que resultan mellorables |
| Ámbito de aplicación | Facultade de Economía e Empresa |
| Responsable da súa aplicación | Directores de departamento, equipo decanal e dirección do programa de Doutoramento |
| Obxectivos específicos | Mellorar a produción científica do profesorado do centro |
| Actuacións a desenvolver | <ul style="list-style-type: none"> - Reflexionar sobre un posible sistema de incentivos á publicación de traballos científicos de calidade. - Valorar a posibilidade de crear unha serie de "Documentos de traballo" da Facultade para a difusión das investigacións do noso PDI. - Impulsar unha maior participación do PDI en eventos de carácter científico (conferencias, congresos, seminarios, etc.), especialmente de tipo internacional. |
| Período de execución | A partir do curso académico 2014/2015 |
| Recursos/financiamento | Non se precisan |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | <p>1. Produción científica -> número de artigos (ponderados por índice de impacto) por PDI doutor, publicados en revistas científicas incluídas en ISI/JCR: valor igual ou superior a 0.5 en 2015 (a incrementar no tempo).</p> <p>2. Sexenios de investigación -> proporción nº sexenios obtidos polo PDI en condicións de solicitalo e número máximo de sexenios posibles: valor igual ou superior ao 25% en 2015 (a incrementar no tempo).</p> |
| Observacións | |
| | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | |
| Resultados obtidos | |
| Grao de satisfacción | |
| Accións correctoras a desenvolver | |

PLAN DE MELLORA 2.2

| | |
|--|--|
| ÁREA ESTRATÉXICA: 2. INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: 1. Unha produción científica de calidade | |
| Denominación da proposta | Garantir a calidade dos estudos de Doutoramento |
| Punto débil detectado | O programa interuniversitario de Doutoramento é de recente implantación (2014/2015) |
| Ámbito de aplicación | Facultade de Economía e Empresa |
| Responsable da súa aplicación | Comisión de Doutoramento |
| Obxectivos específicos | Desenvolver uns estudos de Doutoramento que se caractericen pola súa calidade e formen novos investigadores |
| Actuacións a desenvolver | <ul style="list-style-type: none"> - Acadar a mención de calidade para o programa de Doutoramento: presentación da solicitude no momento de publicación da convocatoria. - Continuar co actual incremento do número de teses doutorais defendidas con mención internacional. |
| Período de execución | Curso académico 2014/2015 e posteriores |
| Recursos/financiamento | - |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | <ol style="list-style-type: none"> 1. Mención de calidade para o programa interuniversitario de Doutoramento (si/non): si. 2. Incremento do número anual de teses doutorais defendidas con mención internacional (de 2012/2013 a 2019/2020): 40% sobre valor do ano 2014. |
| Observacións | |
| | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | |
| Resultados obtidos | |
| Grao de satisfacción | |
| Accións correctoras a desenvolver | |

PLAN DE MELLORA 2.3

| | |
|--|---|
| ÁREA ESTRATÉXICA: 2. INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: 3. Internacionalizar a investigación e a transferencia | |
| Denominación da proposta | Impulso da internacionalización da actividade investigadora que se desenvolve na Facultade |
| Punto débil detectado | As relacións internacionais no eido investigador deberían ser reforzadas |
| Ámbito de aplicación | Facultade de Economía e Empresa |
| Responsable da súa aplicación | Directores de departamento, equipo decanal e dirección do programa de Doutoramento |
| Obxectivos específicos | Integrar a investigación que se desenvolve na Facultade nun contexto máis amplo a través da internacionalización. |
| Actuacións a desenvolver | <ul style="list-style-type: none"> - Formación de novos investigadores a través do programa interuniversitario de Doutoramento. - Impulsar unha maior participación do PDI en eventos de carácter científico (conferencias, congresos, seminarios, etc.), especialmente de tipo internacional. - Organizar congresos e seminarios científicos na Facultade. - Establecer un punto de encontro dos investigadores coa realización de workshops e seminarios de investigación. - Fomentar as relacións con institucións alleas á nosa. |
| Período de execución | A partir do curso académico 2014/2015 |
| Recursos/financiamento | - |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | <ol style="list-style-type: none"> 1. Incremento do número anual de teses doutorais defendidas con mención internacional (de 2012/2013 a 2019/2020): 40% sobre valor do ano 2014. 2. Número de workshops e seminarios de investigación/ano: 15 a partir de 2015/2016. 3. Congresos internacionais organizados pola Facultade: 1/ano. |
| Observacións | |
| | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | 33% |
| Resultados obtidos | Nos últimos anos, a Facultade acolleu varios congresos internacionais de diferente temática no eido da Economía e a Empresa. |
| Grao de satisfacción | Elevado |
| Accións correctoras a desenvolver | |

Área estratéxica 3. Responsabilidade social

| ÁREA ESTRATÉXICA 3: RESPONSABILIDADE SOCIAL | | | | | | | |
|--|---|---|--|--|---|-------------------------------|--------------------------------|
| Obxectivo estratéxico | Liñas de actuación | Accións | Responsable | Definición indicador | Valor inicial | Meta 2015 | Meta 2020 |
| Obxectivo estratéxico Responsabilidade do impacto ambiental | | | | | | | |
| | Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de ambientalización e sustentabilidade | Dotar ao centro dun plan ambiental específico | Vicedecano/a responsable de Infraestructuras e Equipamento | Dotación dun plan ambiental específico para o centro | 0 | 1 | 1 |
| | Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de auga | Reducir o consumo enerxético no centro | Vicedecano/a responsable de Infraestructuras e Equipamento | Reducción do 5% en 2015 e o 10% en 2020 do consumo enerxético específico anual, con respecto a 2011 (kWh/empregado e kWh/m2 edificado) | 267 kWh/empregado-47.1 kWh/m2 edificado (anual) | Reducción do 5% consumo anual | Reducción do 10% consumo anual |

Área estratéxica 4. Internacionalización

| ÁREA ESTRATÉXICA 4: INTERNACIONALIZACIÓN | | | | | | | |
|---|--|--|---|--|---------------|-----------|-----------|
| Obxectivo estratéxico | Liñas de actuación | Accións | Responsable | Definición indicador | Valor inicial | Meta 2015 | Meta 2020 |
| Obxectivo estratéxico 1 Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais | | | | | | | |
| | Internacionalizar as titulacións | Implantar o inglés como lingua vehicular nos títulos da Facultade | Decano/a | Número de títulos con materias impartidas en inglés | 2 | 2 | 4 |
| | Aumentar o número de títulos conxuntos e dobres titulacións internacionais | Incrementar o número de plans de estudo con docencia en inglés, en Grao e Mestrado | Decano/a | Número de titulacións conxuntas internacionais e dobres titulacións internacionais en Grao e Mestrado | 1 | 2 | 3 |
| | Impulsar as actividades de "internationalization at home" | | Vicedecano/a de Relacións Internacionais e Mobilidade | Porcentaxe de estudantes de intercambio entrantes e estudantes estranxeiros matriculados sobre a cifra total de matriculados | 3.10% | 3.50% | 5% |
| | Elaborar unha oferta de programas de "study abroad" | | Vicedecano/a de Relacións Internacionais e Mobilidade | Porcentaxe de estudantes de intercambio entrantes e estudantes estranxeiros matriculados sobre a cifra total de matriculados | 3.10% | 3.50% | 5% |

| Obxectivo estratéxico 2 Unha mobilidade internacional crecente por motivos de investigación, estudo e prácticas laborais | | | | | | | |
|---|--|---|---|---|--|-------------------------|-------------------------|
| | Intensificar os intercambios de estudantes e profesores coas universidades europeas e latinoamericanas | Incrementar o número de convenios de intercambio con universidades estranxeiras | Vicedecano/a de Relacións Internacionais e Mobilidade | Número convenios de intercambio | 79 | 85 | 100 |
| | | | | Valor medio resposta enquisa a estudantes: As actuacións dirixidas aos programas de mobilidade dos estudantes son adecuadas | 3.56/7 | 4/7 | 6/7 |
| | | Facilitar a realización de estadias do PDI noutras universidades, especialmente a nivel internacional (exceptuando participación en congresos ou eventos similares) | Vicedecano/a de Relacións Internacionais e Mobilidade, Vicedecano/a de Organización Académica | Número de docentes que realiza estadias no estranxeiro/ano | 10 | Incremento do 10% | Incremento anual do 10% |
| | | Aumentar o número de estudantes de intercambio entrantes e saíntes | Vicedecano/a de Relacións Internacionais e Mobilidade | Taxa de mobilidade académica | 6.20% | 6.50% | 7.0% |
| | | Aumentar o número de estadias docentes de profesores e estadias dos PAS en centros estranxeiros | Vicedecano/a de Relacións Internacionais e Mobilidade | Número de PDI e PAS saíntes e entrantes | 5 PDI e 1 PAS saíntes; 9 PDI entrantes | > valor anos anteriores | > valor anos anteriores |
| | Fomentar a realización de prácticas laborais no estranxeiro polos alumnos e titulados do centro | | Vicedecano/a de Relacións Internacionais e Mobilidade | Número de estudantes saíntes por prácticas laborais | 6 | > valor anos anteriores | > valor anos anteriores |

| | | | | | | | |
|---|--|--|--|---|------|-----|------|
| Obxectivo estratéxico 3 Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria | | | | | | | |
| | Incrementar a presenza de idiomas estranxeiros como materias dos Plans de Estudos da FEE | Na vindeira revisión dos Plans de Estudo dos Graos, promover a introdución de materias optativas de idiomas con especialización no ámbito da Economía e da Empresa | Vicedecano/a de Titulacións e Estudantes | Introdución das materias optativas de idiomas nos Plans de Estudo | 1 | 1 | 2 |
| | Fomentar a acreditación lingüística de docentes e PAS | Organización de clases (a desenvolver no centro) orientadas a docentes e PAS interesados en mellorar as súas competencias no idioma inglés | Decano/a | Porcentaxe de docentes acreditados en competencias lingüísticas | N.d. | 25% | 100% |

A continuación se detallan os plans de mellora xurdidos das necesidades detectadas a través do PE.

PLAN DE MELLORA 4.1

| | |
|---|---|
| ÁREA ESTRATÉXICA: 4. INTERNACIONALIZACIÓN | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: 2. Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais | |
| Denominación da proposta | Incrementar o número de PDI e PAS saíntes |
| Punto débil detectado | Reducida taxa de mobilidade de PAS e, sobre todo, de PDI |
| Ámbito de aplicación | Facultade de Economía e Empresa |
| Responsable da súa aplicación | Equipo decanal |
| Obxectivos específicos | Incrementar a taxa de mobilidade de PAS e PDI |
| Actuacións a desenvolver | Difusión a través da web da Facultade e, en ocasións, a través do correo electrónico tanto da convocatoria de mobilidade xeral Erasmus+ como de accións e programas específicos enviados polas universidades socias |
| Período de execución | A partir do curso académico 2014/2015 |
| Recursos/financiamento | Non se precisan |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | Número de PDI e PAS saíntes (superior á cifra de 2013/2014: 5 PDI e 1 PAS saíntes) |
| Observacións | |
| Existen solicitudes de mobilidade que non reciben bolsa financeira pola redución de fondos destinados a este fin. | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | |
| Resultados obtidos | |
| Grao de satisfacción | |
| Accións correctoras a desenvolver | |

PLAN DE MELLORA 4.2

| | |
|--|---|
| ÁREA ESTRATÉXICA: 4. INTERNACIONALIZACIÓN | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: | |
| 2. Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais | |
| Denominación da proposta | Incrementar o número de estudantes de intercambio saíntes que opten polo programa de prácticas internacionais (recén titulados incluídos) |
| Punto débil detectado | Dificultade do estudante para atopar unha empresa/institución na que realizar as prácticas |
| Ámbito de aplicación | Facultade de Economía e Empresa |
| Responsable da súa aplicación | Vicedecanato de Relacións Internacionais do centro e Oficina de Relacións Internacionais da UDC |
| Obxectivos específicos | Facilitar ao alumno/recién titulado a labor de procura da empresa/institución na que realizar as prácticas internacionais |
| Actuacións a desenvolver | <ul style="list-style-type: none"> - Facer un maior fincapé na difusión da mobilidade por prácticas a través da web da facultade, as pantallas do centro e o correo electrónico. - Promocionar o programa a través de charlas informativas. |
| Período de execución | A partir do curso académico 2014/2015 |
| Recursos/financiamento | Non se precisan |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | Número de alumnos que realizan prácticas internacionais (superior á cifra de 2013/2014: 6 estudantes) |
| Observacións | |
| <p>Para mellorar e facilitar o acceso ás empresas/institucións, dende a Oficina de Relacións Internacionais se procedeu a crear unha páxina na que se centralizan todas as ofertas de prácticas recibidas. Toda a información dos postos de prácticas recibidas – tanto de empresas privadas como organismos públicos – no vicedecanato de Relacións Internacionais se envían alí.</p> | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | |
| Resultados obtidos | |
| Grao de satisfacción | |
| Accións correctoras a desenvolver | |

PLAN DE MELLORA 4.3

| | |
|---|--|
| ÁREA ESTRATÉXICA: 4. INTERNACIONALIZACIÓN | |
| OBXECTIVO ESTRATÉXICO: | |
| 2. Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais | |
| Denominación da proposta | Incrementar o número de PDI entrante |
| Punto débil detectado | Reducida taxa de mobilidade de PDI entrante |
| Ámbito de aplicación | Facultade de Economía e Empresa |
| Responsable da súa aplicación | Equipo decanal e Vicerreitoría de Relacións Internacionais |
| Obxectivos específicos | Incrementar a taxa de mobilidade de PDI entrante |
| Actuacións a desenvolver | <ul style="list-style-type: none"> - Envío ás universidades socias de información en relación á posibilidade de recibir ao seu PDI. - Organización de seminarios específicos para o PDI entrante e asignación dalgunha das súas sesións de docencia ás materias do plan de estudo oficial das titulacións da Facultade (en especial, do grupo de ADE plurilingüe). - Participación activa da Facultade na determinación dos cursos a desenvolver na "International Summer School" organizado pola Oficina de Relacións Internacionais e a Vicerreitoría correspondente. |
| Período de execución | A partir do curso académico 2014/2015 |
| Recursos/financiamento | - |
| Responsable do seguimento | Comisión de Garantía de Calidade |
| Indicadores de execución | Número de PDI entrante (superior á cifra de 2013/2014: 9 docentes) |
| Observacións | |
| <p>A Facultade non ten capacidade para recibir PAS entrantes. Esta acción está centralizada na Oficina de Relacións Internacionais a través de accións como a "International Staff Week".</p> <p>No caso dos profesores entrantes que participan na "International Summer School", a Vicerreitoría de Relacións Internacionais lles financia a estada nunha residencia universitaria e a manutención durante as tres semanas que dura o evento.</p> | |
| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
| Nivel de cumprimento | |
| Resultados obtidos | |
| Grao de satisfacción | |
| Accións correctoras a desenvolver | |

Ademáis, existe un plan de mellora xerado con anterioridade á concreción do PE mais que garda relación con este. Se referencia a continuación:

- "Potenciación das competencias no idioma inglés do profesorado para reforzar o programa plurilingüe en ADE"

Ámbito de aplicación: Facultade de Economía e Empresa.

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade na súa reunión do 03 de setembro de 2014.

Pode consultarse en: <http://sgic.udc.es/segueamento.php?id=617> (apartado "Recursos humanos").

Área estratéxica 5. Financiamento e uso eficiente dos recursos

| ÁREA ESTRATÉXICA 5: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS | | | | | | | |
|--|---|---------|--|--|---------------|-----------|--|
| Obxectivo estratéxico | Liñas de actuación | Accións | Responsable | Definición indicador | Valor inicial | Meta 2015 | Meta 2020 |
| Obxectivo estratéxico 1 Unha captación de recursos proactiva e uns ingresos diversificados | | | | | | | |
| | Mellorar a xestión da investigación e a transferencia | | Grupos de investigación e investigadores individuais da FEE | Nivel de captación de recursos para a actividade investigadora | N.d. | | Mellora do nivel inicial |
| Obxectivo estratéxico 2 Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos | | | | | | | |
| | <p>Xeneralizar e sistematizar a medición do uso e da distribución dos recursos dispoñibles</p> <p>Vincular a asignación de recursos de centros e servizos ao cumprimento de obxectivos</p> <p>Afondar no uso das novas tecnoloxías para a xestión e a administración</p> <p>Fomentar a mellora das actividades de xestión e administración</p> <p>Racionalizar os procesos de contratación e compra de subministracións</p> <p>Preservar o bó funcionamento da infraestrutura existente</p> | | Vicerreitor/a competente en materia de Planificación Económica | Nº procedementos de xestión económica do centro sometidos a convalidación da comisión económica delegada de Consello de Goberno por xestión inadecuada | 2 | | Reducción do número de procedementos sometidos a convalidación |

| | | | | | | | |
|---|--|---|--|--|--------|-------|------|
| Obxectivo estratéxico 3 | | | | | | | |
| Unha comunidade identificada coa institución | | | | | | | |
| | Propiciar un ambiente de estudo e de traballo positivo, seguro, saudable e estimulante | | Decano/a | Valor medio resposta específica sobre motivación do Cuestionario de Autoavaliación da Docencia | 5.92/7 | 6/7 | >6/7 |
| | | | | Valor medio resposta enquisa a PAS: En xeral, síntome satisfeito co meu traballo | 5.13/7 | 5.5/7 | >6/7 |
| | Impulsar a identidade universitaria do estudiantado | Creación dunha asociación de antigos estudantes | Decano/a, Vicedecano/a de Titulacións e Estudantes | Consitución da asociación de antigos estudantes | 0 | 1 | 1 |

Nota . "N.d.": non dispoñible.